



- A definición das condicións para a correcta implantación topográfica do complexo deportivo nun ámbito situado no contorno dos parques exteriores da cidade.
  - A ordenación volumétrica das edificacións resultantes do novo programa de usos, coas limitacións establecidas na lexislación urbanística para o solo rústico.
4. Nas parcelas incluídas no monte veciñal estarase ao establecido na lexislación en materia de montes, en particular na Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común e no seu Regulamento aprobado polo Decreto 260/1992, de 4 de setembro.
5. Estarase ao establecido no artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia respecto da obriga de recabar con carácter previo á súa aprobación informe da administración competente na materia.
13. **PE. 609. Plan Especial de Infraestruturas e dotacións da Área de Estacionamento e Servizos de A Balsa.**
1. No ámbito delimitado en planos de ordenación, coa clasificación de solo rústico de especial protección de infraestruturas, desenvolverase o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións Area de Estacionamento e Servizos de A Balsa.
  - 2 O Plan Especial terá o carácter de plan especial de infraestruturas e dotacións dos previstos no artigo 73 LSG para o desenvolvemento dun sistema xeral de comunicacións.
  3. Os obxectivos xerais de ordenación serán:
    - Establecer a ordenación pormenorizada do sistema xeral de comunicacións delimitado polo Plan Xeral.
    - Establecer un programa de usos complementarios vinculados ao uso global de área de estacionamento e servizos.
    - Establecer as condicións de accesibilidade e integración coa infraestrutura VG-20, así como coas singulares características topográficas do ámbito.
    - A ordenación volumétrica das edificacións resultantes do novo programa de usos, coas limitacións establecidas na lexislación urbanística para o solo rústico.
  4. Nas parcelas incluídas no monte veciñal estarase ao establecido na lexislación en materia de montes, en particular na Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común e no seu Regulamento aprobado polo Decreto 260/1992, de 4 de setembro.